



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Orientación
e Promoción Laboral



galicia

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E O CONSORCIO PARA O DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS PARA A XESTIÓN UNIVERSITARIA (CIXUG) PARA A REALIZACIÓN DE FORMACIÓN UNIVERSITARIA NO ÁMBITO DA ORIENTACIÓN LABORAL ABERTA PARA 2018

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, **DECLARA:**

Que os orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para 2018 recóllen nas súas previsións de gastos unha subvención nominativa coa finalidade de establecer un convenio coas universidades galegas por importe de 140.000 euros na aplicación orzamentaria 09.41.322A.444.1 (Cod.Prox 2015 524) co obxecto da realización das accións que mais adiante se detallan.

Que esta Consellería de Economía, Emprego e Industria ten previsto formalizar co Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria(CIXUG) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa formalización ata o 31/12/2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e o CIXUG, para celebrar e impartir o curso de posgrao de especialización en orientación laboral (en diante, curso de posgrao), como titulación propia das tres universidades galegas, así como o curso de introdución á orientación laboral aberta e o curso avanzado en orientación laboral

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.





De conformidade co establecido nos artigos 19.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, para establecer as condicións e compromisos aplicables a esta subvención, é preciso instrumentar a mesma a través dun Convenio específico de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a entidade o Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria (CIXUG), entidade sen ánimo de lucro e personalidade xurídica propia que está participado polas tres universidades galegas, á que se encomenda a execución das accións obxecto desta subvención.

Que a Consellería de Economía, Emprego e Industria incluíu no Plan Anual de Política de Emprego (PAPE) para o ano 2018, dentro do Eixo 1 *ORIENTACIÓN*, un Programa propio denominado “ PP00337 PROTOCOLO CON LAS UNIVERSIDADES GALLEGAS PARA FOMENTO DEL EMPLEO, MEJORA DE LA ORIENTACIÓN Y FOMENTO DEL EMPLEO”.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspasan ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

O director xeral de Orientación e Promoción Laboral

José Alfonso Marnotes González

